

RESOLUCIÓN do 11 de setembro de 2024 do tribunal cualificador da proba test e da proba de galego para a selección de persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional, convocado por Resolución do 19 de marzo de 2024 da directora xeral de Administración Local (Diario Oficial de Galicia núm. 64, do 2 de abril de 2024), pola que se fan públicos os criterios de corrección, valoración e superación da proba tipo test

De acordo co establecido no artigo 6.2 da Orde do 30 de novembro de 2017 da Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Diario Oficial de Galicia núm. 229, do 1 de decembro), e tendo en conta o artigo 7 da Resolución da Dirección Xeral de Administración Local de 19 de marzo de 2024, este tribunal na súa sesión do 11 de setembro de 2024, acordou facer públicos os seguintes criterios de organización, corrección, valoración e superación da proba tipo test:

CUESTIÓNS XERAIS SOBRE A PROBA TIPO TEST

1- Os aspirantes serán convocados en chamamento único pola Dirección Xeral de Administración Local, polo que aqueles que, con independencia das escalas nas que estean inscritos, non comparezan á hora que se sinale na convocatoria, decaerán no seu dereito a realizar a proba.

2- O tribunal proporá catro cuestionarios tipo test: un cuestionario de 30 preguntas comúns ás tres subescalas e tres cuestionarios de 30 preguntas específicas, un para cada unha das tres subescalas que se convocan.

3- A duración máxima para realizar cada un deses catro cuestionarios será de 60 minutos por cuestionario.

4- Cada aspirante realizará o cuestionario correspondente á parte común e os cuestionarios correspondentes a cada unha das subescalas nas que estea inscrito.

Desta forma, a duración total da proba sobre o temario correspondente a cada subescala será de 120 minutos (60 minutos da parte común ás tres subescalas e 60 minutos da parte específica que corresponda en cada caso).

5- Cada un dos catro cuestionarios terá tres preguntas de reserva.

6- As preguntas terán catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das que só unha delas será a correcta.

7- O exercicio cualificarase de 0 a 60 puntos e, para superalo, será necesario obter un mínimo de trinta (30) puntos. Corresponderalle ao tribunal determinar o número de respostas correctas exixido para acadar esta puntuación mínima, para o cal se terá en conta que cada resposta incorrecta descontará un terzo dunha pregunta correcta.

8- Na formulación das preguntas o tribunal terá en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que no momento de publicación no Diario Oficial de



Galicia nomeamento do tribunal (16 de xullo de 2024) contén con publicación oficial no boletín ou diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior.

DETERMINACIÓN DE SUPERACIÓN DA PROBA TIPO TEST E NÚMERO DE APROBADOS.

En cumprimento da potestade de determinación do criterio de superación do exercicio indicado, o Tribunal acordou que superarán a proba tipo test as persoas aspirantes que, logo da valoración segundo o indicado anteriormente, acaden un mínimo de 30 respostas correctas (unha vez feitas as deducións por preguntas incorrectas, que descontarán cada unha delas un terzo dunha pregunta correcta) en cada unha das subescalas nas que se inscribiran. As preguntas non contestadas non penalizan nin reciben puntuación.

A presidenta do Tribunal

Beatriz Díaz Rodríguez

(asinado dixitalmente)

